



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Estancias Prácticas II	Código	653G01210	
Titulación	Grao en Terapia Ocupacional			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaCiencias da Saúde			
Coordinación	Rivas Quarneti, Natalia Yanaina	Correo electrónico	natalia.rivas.quarneti@udc.es	
Profesorado	Garcia Crespo, Maria Vanessa	Correo electrónico	m.v.garcia@udc.es	
	Rivas Quarneti, Natalia Yanaina		natalia.rivas.quarneti@udc.es	
	Rosende Celeiro, Iván de		ivan.de.rosende.celeiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa observación e a análise dss contornas dende a Terapia Ocupacional e a intervención da/o terapeuta ocupacional nas mesmas.</p> <p>Descriptor: Estadias prácticas para aplicar teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de Terapia Ocupacional, traballando adecuadamente en equipo e desenvolvendo as funcións e destrezas propias desta/e profesional en diferentes contornas, centros, hospitais, asociacións, institucións, grupos sociais e poboacionais.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A6	Trabajar en la sociedad con individuos y grupos para fomentar la promoción de la salud, la prevención, la rehabilitación y el tratamiento.
A8	Uso profesional y ético del razonamiento efectivo en todas las partes del proceso de terapia ocupacional.
A10	Adaptar y aplicar el proceso de terapia ocupacional en estrecha colaboración de individuos/población.
A11	Trabajar para facilitar entornos accesibles y adaptados y promover la justicia ocupacional.
A12	Colaborar con comunidades para promover la salud y el bienestar de sus miembros mediante la participación en la ocupación.
A17	Establecer sociedades de colaboración, consultar y aconsejar a clientes, trabajadores sociales, miembros de equipo y otros en la práctica de la ocupación y la participación.
A19	Apreciar y respetar las diferencias individuales, creencias culturales, costumbres y su influencia sobre la ocupación y la participación.
B3	Aplicar un pensamiento crítico, lógico y creativo.
B6	Comportarse con ética y responsabilidad social como ciudadano y como profesional.
B7	Comunicarse de manera efectiva en un entorno de trabajo.
B8	Capacidad de análisis y de síntesis.
B9	Capacidad de aplicar los conocimientos a la práctica.
B11	Capacidad para trabajar en un equipo interdisciplinar.
B15	Capacidad para comunicarse con personas no expertas en la materia.
B31	Apreciación de la diversidad y de la multiculturalidad.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Integración dos coñecementos teóricos previos á práctica relacionados coa accesibilidade e o deseño universal. Aproximación ao corpo teórico que dá base á intervención de Terapia Ocupacional sobre o contorno: impacto do medio sobre a ocupación humana.	A8 A10 A11 A19		
Adquisición de destrezas de observación e análise da contorna: identificación das condicións da contorna que actúan como facilitadores ou como obstáculos en relación ás características da poboación e ás demandas da actividade (valoración do equilibrio individuo/ambiente/ocupación).	A8 A11	B3 B8 B9	
Desenvolvemento do pensamento analítico e crítico aplicado á valoración e ao asesoramento en materia de accesibilidade: planificación da intervención (valoración, plan de mellora/intervención, rexistro), deseño de contornas facilitadoras para a autonomía (a nivel individual e colectivo) e elaboración de propostas de asesoramento reais e efectivas.	A6 A8 A11	B3 B8 B31	
Potenciación de habilidades e rigor técnico para o rexistro da información procedente da intervención: recoñecemento da importancia do rexistro das actividades realizadas, adquisición de rigor técnico na linguaxe empregada na comunicación co equipo profesional e cos/coas usuarios/as, elaboración de informes técnicos.	A11	B7 B8 B15	C1
Desenvolvemento dunha perspectiva social: situar ao alumnado nun tipo de intervención na contorna comunitaria, promovendo a colaboración con outras/outros profesionais do ámbito do social, facilitando a súa intervención no medio natural do individuo e en definitiva, comprometéndose a promover a xustiza ocupacional.	A11 A12 A17	B6 B11 B15 B31	

Contidos	
Temas	Subtemas
Principios teóricos para a avaliación e a intervención sobre o contorno domiciliario en terapia ocupacional	-O fogar como contorno na vida cotiá: principais ocupacións e necesidades de autonomía, saúde e benestar. -A adaptación funcional do fogar en terapia ocupacional. -Redes de apoio no fogar. O empoderamento do/a cuidador/a: necesidades ocupacionais e asesoramento/consultoría dende terapia ocupacional.
Principios teóricos da accesibilidade e deseño universal	- Conceptos teóricos básicos: concepto europeo de accesibilidade e deseño para todas as persoas. - Accesibilidade vs adaptación funcional. Diferenzas e formas de intervención. - Normativa estatal e autonómica sobre accesibilidade.
Principios teóricos para a avaliación e traballo na contorna social, histórica, cultural e institucional en terapia ocupacional	- Conceptos teóricos básicos e a súa relación coa terapia ocupacional: diversidade, cultura, poder, xénero, raza, clase social, etnia, interseccionalidade. - Uso e aplicación de conceptos teóricos básicos na práctica da terapia ocupacional traballando en/con contextos social, histórico, cultural e institucional
Observación e análise de factores ambientais	- Introducción aos factores ambientais segundo a CIF: físicos, sociais e actitudinais. - Conceptos de barreiras e facilitadores. Identificación e análise en diferentes contextos. - Conceptos de contexto/ análise nos modelos teóricos específicos da Terapia Ocupacional (Persona-Environment-Occupation, Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional, Modelo Kawa, Modelo de Ocupación Humana).
Valoración da accesibilidade dos contornos	- Principios da observación con fins de avaliación. - Análise do contorno desde unha perspectiva individual e desde unha perspectiva colectiva. - Valoración de contornos específicos baseada nas ocupacións que acollen e ao tipo de individuos que as executan. - Recollida de información procedente da valoración.
Deseño de contornos accesibles/universais.	- Principios para desenvolver un asesoramento en materia de accesibilidade. - Deseño de adaptacións funcionais do medio. - Deseño de contornos socialmente facilitadores. - Propostas desde a perspectiva da universalidade.



Rexistro da información	<ul style="list-style-type: none"> - Criterios para elaborar rexistros das actividades realizadas. - Principios para a realización de informes técnicos en materia de accesibilidade: - Comunicación con outras/os profesionais - Comunicación con usuarias/os.
-------------------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A10 B3	10	10	20
Estudo de casos	A6 A8 A10 A11 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	6	12	18
Saídas de campo	A6 A8 A10 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	35	0	35
Simulación	A6 A8 A10 A11 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	25	0	25
Lecturas	A6 A8 A11 A12 A19 B3 B6 B8 B31 C1	1	9	10
Atención personalizada		4.5	0	4.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao estudantado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>Traballaranse contidos teóricos necesarios para abordar a intervención práctica e tamén actividades de desenvolvemento do pensamento lóxico do alumnado e de aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos.</p> <p>Permite adquirir as competencias xenéricas asignadas a esta materia.</p>
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde a persoa se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. A/o alumna/o sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p>
Saídas de campo	<p>Actividades desenvolvidas nun contexto externo á contorna académica relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades e competencias relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida, a análise de información e a detección de necesidades susceptibles de intervención.</p> <p>Na materia realizaranse algunhas saídas de campo tuteladas polas/os docentes e outras realizadas polos alumnos de forma autónoma.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas asignadas a esta materia.</p>



Simulación	Consiste na representación dun fenómeno (de natureza física, técnica ou psicolóxica, ou social, entre outros) que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levara a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse á persoa ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias ante situacións concretas. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se seleccionaron como fonte de profundización nos contidos traballados. As lecturas seleccionadas tratan sobre contidos aplicables á intervención profesional obxecto desta materia. Permite adquirir as competencias xenéricas asignadas a esta materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Estudo de casos Saídas de campo Simulación	A atención personalizada planificarase de dúas formas diferentes: - Saídas de campo e simulación (prácticas): poderán realizarse en dúas modalidades;saídas e traballo tutelado con docentes da materia, ou traballos de campo autónomos con supervisión do profesorado. - Tutorías: en grupos pequenos ou medianos, segundo a distribución do alumnado realizada para a elaboración dos estudos de caso. A finalidade é apoiar o traballo que desenvolverán as/os estudantes, resolver as dúbidas que xurdan na observación directa, establecer criterios para cada fase da actividade tutelada, e valorar a evolución na lóxica do pensamento da/do estudante. Por tanto, TEÑEN CARÁCTER OBRIGATORIO, e son necesarias para superar a materia.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A6 A8 A11 A12 A19 B3 B6 B8 B31 C1	Valorarase a integración dos conceptos teórico-prácticos abordados nas lecturas obrigatorias, en relación coas competencias específicas da materia, na realización dos estudos de casos.	5
Sesión maxistral	A10 B3	Valorarase a participación e o interese da/o estudante durante as sesións maxistrais, as intervencións que realice durante as mesmas e a evolución observada na adquisición de coñecementos. Ten CARÁCTER OBRIGATORIO. A asistencia será obrigatoria.	5
Estudo de casos	A6 A8 A10 A11 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	Valorarase, ademais das competencias adquiridas, a capacidade de expresión escrita do alumnado (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), a integración de conceptos e a capacidade de resolución de problemas	30



Saídas de campo	A6 A8 A10 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	Valorarase: a puntualidade, a responsabilidade, a iniciativa, o interese, a actitude ante as normas, a relación co equipo, a integración e a aplicación de conceptos teórico-prácticos, as destrezas e os coñecementos adquiridos. A asistencia será obrigatoria. Asemade, valorarase o traballo desenvolvido nas saídas de campo acompañada polas/os docentes así coma a que a/o estudante realizará de forma autónoma (acompañado do outro compoñente da súa parella de traballo), tendo en conta a observación realizada das contornas, a detección dos condicionantes relevantes para o desempeño ocupacional, e a capacidade de modificar contornas reais para que faciliten a autonomía. CARÁCTER OBRIGATORIO.	35
Simulación	A6 A8 A10 A11 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	Valorarase: a puntualidade, a responsabilidade, a iniciativa, o interese, a actitude ante as normas, a relación co equipo, a integración e a aplicación de conceptos teórico-prácticos, as destrezas e os coñecementos adquiridos. A asistencia será obrigatoria.	25

Observacións avaliación



A

materia de Estancias Prácticas II aborda contidos prácticos tales como a observación e valoración inicial, a planificación da intervención sobre a/s contorna/s, e o rexistro da información de todo o proceso. Estes contidos traballaranse en grupo e de forma individual, de forma autónoma e tutelada.

Polo tanto, distribúese a materia nun horario de traballo autónomo a realizar pola/o alumna/o (de forma individual ou en parella), e nun horario de asistencia á clase cos/coas docentes da materia, no que se abordarán os contidos teóricos, realizarase a práctica planificada, e titorizarase a práctica autónoma da/o alumna/o. A avaliación final incluírá tanto o traballo autónomo como o presencial. Os aspectos e criterios que se terán en consideración ao avaliar as actividades planificadas son a adquisición de coñecementos teóricos relacionados coa materia, a aplicación deses coñecementos á práctica tutelada, e o desenvolvemento do pensamento lóxico e crítico aplicado a situacións concretas. Por tanto, existirá unha avaliación continua da evolución observada na/o alumna/o, e unha avaliación dos traballos finais obrigatorios para a superación da materia.

Para

aprobar a materia, a/o estudante debe participar activamente nas metodoloxías propostas, entregar todos os traballos e ter superadas cada unha das metodoloxías que conforman o proceso de avaliación da materia.

A

asistencia ao horario presencial de clase é obrigatoria; este é un criterio esixible para superar a materia, non valorable. É OBRIGATORIA A ASISTENCIA A UN 85% DO HORARIO DE CLASE PRESENCIAL, PERMITÍNDOSE A AUSENCIA A UN 15%

Segundo

a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos/as estudantes de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 22/05/2012), cando un estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) de dita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación do/a estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa.

Por tanto, a concesión á solicitude de dita

flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da comisión académica do grao de Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias.

O sistema de cualificacións expresarase mediante

cualificación numérica acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional
Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente
9-10 Matrícula de Honor (Graciable).

Considerarase como "non presentado" (NP)

aquel ou aquela estudante que, estando matriculado nunha materia, non concorre ás distintas actividades de avaliación que se establezan para o curso académico. En ausencia de regulación

específica para cada titulación, considerarase que deberá ser cualificado/a como "non presentado": a) cando non completase o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuren na guía docente, ou b) cando non se presente á proba do período oficial de avaliación. A consideración de NP non consome convocatoria no número total de convocatorias que a/o estudante ten por materia.



Fontes de información

<p>Bibliografía básica</p>	<p>Barros, D. D. (2004). Terapia ocupacional social: o camiño se faz ao caminhar. Revista de Terapia Ocupacional Da Universidade de São Paulo, 15(3), 90-97. Blanco, RM, Blanco L, Luengo S, Pastor G, Rivero M, Rodríguez MR, Vicente MJ. 2003. Accesibilidad para personas con ceguera y deficiencia visual. Edita: ONCE. Características de la rotulación para personas con discapacidad visual. Edita: ONCE. Madrid. 2006 Concepto Europeo de Accesibilidad. Edita: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de Migraciones y Servicios Sociales. Centro Estatal de Autonomía Personal y Ayudas Técnicas (CEAPAT). Madrid. Bridge C. Home modification: occupation as the basis for an effective practice. En: Curtin M, Molineux M, Supyk-Mellson, J (editores). Occupational therapy and physical dysfunction: enabling occupation. Elsevier; 2010; p. 409-429. Clasificación Internacional del Funcionamiento, de la Discapacidad y de la Salud (CIF). Conway M. Occupational therapy and inclusive design: principles for practice. Oxford: Blackwell Publishing; 2008. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e eliminación de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG nº 41 (29 de febreiro de 2000) Dotte P. Método de manutención manual de los enfermos: ergomotricidad en el ámbito sanitario, generalidades y educación gestual específica. Tomo I. Barcelona: Masson; 2003. Dotte P. Método de manutención manual de los enfermos: ergomotricidad en el ámbito sanitario, aplicaciones clínicas. Tomo II. Barcelona: Springer-Verlag Ibérica; 1999. Dotte P. Método de movilización de los pacientes: ergomotricidad en el ámbito asistencial. Barcelona: Elsevier; 2010. Doval, M.a I., Martínez-Figueira, M.a E., & Raposo, M. (2013). La voz de sus ojos: la participación de los escolares mediante Fotovoz. Revista de Investigación en Educación, 11(3), 150-171. Gastaldo, D., Magalhaes, L., & Carrasco, C. (2013). Mapas corporais narrados: un método para documentar trajetórias de saúde, resiliência, adoecimento e sofrimento. In A. Branco-Fraga, Y. M. de Carvalho, & I. M. Gomes (Eds.), As práticas corporais no campo da saúde (pp. 83-100). Sao Paulo: Editora Hucitec. Huot, S., Cao, A., Kim, J., Shajari, M., & Zimonjic, T. (2018). The power of language: Exploring the relationship between linguistic capital and occupation for immigrants to Canada. Journal of Occupational Science, 0(0), 1-12. https://doi.org/10.1080/14427591.2018.1534136 Huot, S., Rudman, D., Dodson, B., & Magalhães, L. (2013). Expanding Policy-Based Conceptualizations of "Successful Integration": Negotiating Integration through Occupation following International Migration. Journal of Occupational Science, 20(1), 6-22. https://doi.org/10.1080/14427591.2012.717497 Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. DOG nº 241 (17 de decembro de 2014). Organización Mundial de la Salud (2001). Rivas-Quarneti, N., Magalhaes, L., & Fernández, M. (2017). Contribuciones del Metaplan en Investigación Cualitativa Crítica en Ciencias de la Salud: un camino hacia la acción dialógica. CIAIQ 2017, 2(0). Retrieved from http://proceedings.ciaiq.org/index.php/ciaiq2017/article/view/1262 Rigby P, Craciunoiu O. Assessing environment: home, community and workplace. Access and safety. En: Vining M, Trombly CA. Occupational therapy for physical dysfunction. Baltimore: Lippincott Williams & Wilkins; 2014; p. 306-337. Stein F, Söderback I, Cutler S, Larson B. Occupational therapy and ergonomics: applying ergonomic principles to everyday occupation in the home and at work. Chichester: Whurr Publishers; 2006 WFOT. (2006). Traducción: Declaración de posicionamiento acerca de los derechos humanos. Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionales (WFOT) (C. Forn de Zita, Trad.). Espacio TO Venezuela.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ergonomía, Accesibilidade, Deseño Universal e Adaptación Funcional/653G01206

Materias que continúan o temario

Observacións



OBSERVACIÓNS

ECOLÓXICAS:1.- Para

axuda a conseguir unha contrna inmediata sostible e cumprir cos ibxectivos
estratéxicos 1 y 2 do "III Plan de Acción do Programa Green Campus FCS

(2018-2020)" os traballos documentais que se realicen nesta materia:a.- Na
súa maioría se solicitarán en formato virtual e soporte informático.b.- De

realizarse en papel: - Non

se empregarán plásticos. -

Realizaranse impresións a dobre cara. -

Empregarase papel reciclado. -

Evitarase a impresión de borradores.2.- A

docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na

avaliación ou outros aspectos que serán notificados aos estudantes coa

suficiente antelación.3.- A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa

da UDC ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un/unha

estudante da materia no desenvolvemento dos seus traballos

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar,
salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración
de guías